



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A INSTALACIÓN DA CLIMATIZACIÓN NO EDIFICIO DO BELÉN PARA A CONSERVACIÓN DOS SEUS ELEMENTOS ARTESANAIS E PARA A CREACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CAÑA DO PAÍS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Valga para a instalación dunha climatización axeita no edificio do Belén para a conservación dos seus elementos artesanais, e para a creación do Centro de interpretación da caña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.





Segundo.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Terceiro.- No ano 2013 a Xunta de Galicia recoñeceu este Belén como de interese turístico o que non fixo máis que aumentar a popularidade e incrementar o interese polo público en xeral en visitalo. Máis adiante, no ano 2015 e grazas a colaboración da Axencia Turismo de Galicia coa concesión dunha subvención directa ampliouse o local, así como se lle deu un cambio radical ao belén, tanto na decoración, como na presentación, e fundamentalmente na seguridade no que atinxe a parte eléctrica, e no ano 2016 colaborouse na preparación e decoración do teito do Belén. É preciso realizar agora a instalación dunha climatización axeita no edificio para a conservación dos elementos artesanais do Belén.

Por outra parte, no ano 2013 declarouse festa de interese turístico de Galicia a “Festa da anguía e mostra da caña do País”. Xunto coa anguía, o augardente é outro dos produtos típicos da zona, e na mostra da da caña do país son elixidas as mellores augardentes do ano. Aproveitando unha edificación sen uso propiedade do concello, esta será rehabilitada e acondicionada para ser destinada a Centro de interpretación.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Valga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

